PONT-UP STORE

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

# IMPULSO da XENTE VALENTE

# MEMORIA

PONT-UP STORE 2019

6ª EDICIÓN

# ÍNDICE

**Páxs. 4-5. O Pont- Up, unha iniciativa emprendedora**
**Páx. 6. Seis anos de cooperación e innovación permanente.**

## MEMORIA POR ÁMBITOS

ACTOS INSTITUCIONAIS
7-9

FAB LAB
22-23

ESPAZO D
ECONOMÍA
26-27

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO
Participantes 10-13
Puntazo 14-15
Actividades 16-21

ESPAZO GAMING
24-25

**Páxs.38-39. Iniciativas premiadas.**
**Páxs.40-41 Unha identidade propia**
**Páx. 42. Resultados**
**Páxs. 43-44. Comité Organizador**
**Páxs. 45-46 Patrocinadores e Colaboradores**

# O PONT-UP STORE, UNHA INICIATIVA EMPRENDEDORA

O **PONT-UP STORE** é unha iniciativa de apoio ao **EMPRENDEMENTO**, aberta a toda a cidadanía, e que centra os seus esforzos no incremento da cultura emprendedora na sociedade.

Durante tres días, **PONTEVEDRA** acolle en distintos puntos da cidade un programa de actividades con propostas innovadoras pensadas para orientar e axudar ás persoas que están no camiño do emprendemento.

| XORNADA PREVIA | ESPAZO EMPRENDEDOR | | PUNTAZO EXPRÉS |
|---|---|---|---|
| VARIOS PUNTOS DA CIDADE | NA CARPA DE PRAZA DE ESPAÑA | | CASA DAS CAMPÁS |
| XOVES 19 | VENRES 20 | SÁBADO 21 | VENRES 20 |

O punto central, unha edición máis, foi a carpa situada en **PLAZA DE ESPAÑA**, onde coñecemos algunhas das mellores iniciativas emprendedoras do país e tivemos a oportunidade de participar nas actividades de dinamización que se desenvolveron no espazo central.

A pouca distancia, nas instalacións da Facultade de Belas Artes,o

**FAB LAB LABORATORIO CREATIVO**

achegounos unha vez máis a obradoiros dirixidos a diferentes públicos, que tiveron a oportunidade de experimentar sobre o concepto de escenario, ademais das xa tradicionais actividades arredor do ámbito da robótica.

O **ESPAZO GAMING** volveu traernos propostas de emprendemento da man dos videoxogos, a través de diferentes charlas e talleres prácticos.

Tamén contamos cun espazo específico para proporcionar información a aquelas persoas emprendedoras que decidan apostar pola

**ECONOMÍA SOCIAL.**

Nesta edición, decidimos aportar o seu propio espazo a unha das temáticas transversais que nos viñeron

acompañando nas anteriores edicións: a **IGUALDADE,** promocionando da man da Secretaría Xeral de Igualdade diferentes actividades de concienciación e visibilización.

Un ano máis, consolidámonos como sede de presentacións, asambleas e reunións anuais de diferentes asociacións e entidades do

**ECOSISTEMA EMPRENDEDOR.**

Como novidade, abrimos un espazo de **INNOVACIÓN SOCIAL,** no que abordamos retos como a activación do noso rural e os proxectos de emprendemento senior e interxeneracional.

Dentro do espazo de networking **TECENDO REDES,** propuxemos unha **VERBENA CREATIVA** para poñer en contacto a comunidades creativas e innovadoras que mobilizan as nosas contornas a través de proxectos de dinamización social.

E, a través do **PUNTAZO EXPRÉS**, volvemos propiciar encontros produtivos entre os novos emprendementos e as grandes entidades e empresas galegas, para continuar tendendo pontes que atraian a Pontevedra a creatividade e a innovación en todos os sectores.

## OBXECTIVOS

**FACILITARLLES** aos novos emprendedores un espazo para visibilizar e promover a súa marca, os seus proxectos empresariais e a busca de financiación externa.

**POSIBILITAR** que novos emprendedores presenten, testen e vendan os seus produtos e servizos actuais e contrasten ideas de mellora.

**PROPORCIONAR** aos novos emprendedores un espazo de relación e intercambio de experiencias cos diferentes axentes do ecosistema emprendedor.

**ANIMAR** a futuros emprendedores a concretar a súa idea de negocio a través do coñecemento de proxectos e experiencias xa en marcha.

**PROMOVER** a cultura do emprendemento con novos formatos e espazos de integración entre os emprendedores e a sociedade.

**DINAMIZAR** a cultura e a economía local, proporcionando aos visitantes unha experiencia de ocio e aprendizaxe, nun espazo urbano de referencia internacional.

## SEIS ANOS DE COOPERACIÓN E INNOVACIÓN PERMANENTE

### 50 ORGANIZACIÓNS EN COOPERACIÓN

**ESPAZO PARA EMPRENDEDORES**

168 SOLICITUDES (▲ 16%)
46 EMPRESAS
20.000 VISITANTES

**XORNADAS DE EMPRENDEMENTO**

60 ACTIVIDADES (▲27%)
126 EXPERTOS (▲31%)
1.800 ASISTENTES (▲50%)

+14.000 VISITANTES NA WEB E NO PROGRAMA ONLINE
+ 4.250 SEGUIDORES EN REDES SOCIAIS
PRETO DE 12,5 MILLÓNS DE POSIBLES IMPACTOS INFORMATIVOS
PRETO DE 4.500 SOPORTES FÍSICOS

COMA EN ANTERIORES EDICIÓNS, O 100% DOS PARTICIPANTES RECOMENDAN A OUTROS EMPRENDEDORES PARTICIPAR NO EVENTO

Esta sexta edición do **PONT-UP STORE,** espazo de referencia do emprendemento no noroeste peninsular, é froito da colaboración de 50 organizacións patrocinadoras e colaboradoras, con especial referencia á **UNIVERSIDADE DE VIGO** e ao **CAMPUS CREA** como organizadores, e ao **CONCELLO DE PONTEVEDRA** como patrocinador principal.

Tralo éxito das pasadas edicións, o **PONT-UP STORE 2019** consolídase como **ESPAZO DE REFERENCIA DO NOVO EMPRENDEMENTO** en Galicia con presenza no ámbito nacional, como amosan os preto de 170 proxectos de emprendemento reais e en funcionamento que son a mostra da capacidade de inicitiativa e creatvidade existente en Galicia e outros territorios do noroeste peninsular.

No PONT-UP STORE 2019 foron recibidas **168 SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN,** das que resultaron seleccionadas os **46 PARTICIPANTES:** empresas presentes nos stands, no panel de actividades de dinamización, ou no **PUNTAZO EXPRÉS.**
Hai que destacar a acollida das Xornadas do Emprendemento todo tipo de emprendedores, que acadaron un importante impacto non so nos emprendedores senón tamén na sociedade en xeral.

Unha edición máis, a comunidade continúa mostrándose participativa nas redes sociais, alcanzando os 2.000 seguidores en Facebook, 1.500 seguidores en Instagram e 450 seguidores en Twitter. Ademais, esta comunidade xera lazos que van máis aló das pantallas, creando colaboracións e sinerxias máis aló do propio evento.

Os contidos da prensa xeneralista, económica, dixital, radio e televisión referidos ao PONT-UP STORE 2019 tiveron un volume estimado de preto de **12,5 millóns de posibles impactos informativos** durante os meses de campaña.

# ACTOS INSTITUCIONAIS

## 11 DE XUÑO

Rolda de Prensa: Presentación 6ª edición

## 12 DE SETEMBRO

Rolda de Prensa: Presentación do programa

# VENRES 20

**11:30 A 12:00H**

## ACTO INAUGURAL

**12:00 A 13:00H**

## VISITA INSTITUCIONAL

# SÁBADO 21

## OUTRAS VISITAS INSTITUCIONAIS

**14:15 - 14:30H**

## ACTO DE ENTREGA DE PREMIOS

# LISTA DE PARTICIPANTES

1 **Información e Organización**
*www.pontupstore.com*

2 **Siente VR**
Productora de contidos inmersivos a través de fotografía e vídeo en 360º. Creación de experiencias para o sector creativo, inmobiliario, turístico, museos e institucións.
*www.sientevr.com*

3 **Stand institucional**

4 **Mery Puch**
**Tocados e Complementos**
Tocados e detalles personalizados traballando sempre con elementos naturais.
*www.merypuch.es*

5 **TRES FUCIÑOS**
**Sociedade Cooperativa Galega**
Cooperativa de porco celta criado en liberdade nos montes de castiñeiros e carballos. Empregando medios naturais locais e os saberes tradicionais na crianza do porco autóctono e na elaboración dos seus derivados.
*www.tresfucinos.gal*

6 **North West of Spain**
Empresa de inmersión lingüística e ocio. Traemos estranxeiros novos (e non tan novos) a Galicia e levamos galegos ao estranxeiro, para aprender inglés e crecer cunha experiencia a medida.
*www.northwestofspain.com*

7 **Mundaya**
Bolsos e accesorios feitos a man para a muller de hoxe, con materiais de gran calidade, pensados para unha vida funcional.
*www.mundaya.com*

8 **D-RAÍZ**
Marca de complementos de moda sostible manufacturados en Galicia.
*www.d-raiz.com*

9 **IRIA PROL STUDIO**
Proxectos de ilustración, pintura mural creativa e deseño gráfico para empresas e particulares.
*www.iriaprol.com*

10 **Revista Morcego**
Páxina / revista dixital que publica exclusivamente información sobre videoxogos en galego.
*www.revistamorcego.com*

11 **Estudo Bonobo**
Unha escola de artes e á vez moito máis que iso. Empresa de servizos socioculturais, selo discográfico, produtora audiovisual,.... cun enfoque de impacto social integrador.
*www.estudobonobo.com*

12 **Amásame Bakery Lab**
Obradoiro de panadería especializado no bo pan feito de forma artesá, nun espazo de traballo aberto ao público e cun espazo de degustación.
*es-es.facebook.com/AmasameBakery*

13 **Events by Cris Fernández**
Decoracion coidada, detallista, papelería personalizada, detalles para vodas e eventos, con dedicación, esforzo e cariño.
*www.instagram.com/eventsbycrisf*

14 **A3 Proyectos**
Representación virtual de proxectos de Enxeñería e Arquitectura.
*www.atresproyectos.com*

15 **Thania Moreira**
Axudo a mulleres a priorizarse, coidarse e practicar o amor propio a través do coidado da pel. Asesoramento estético personalizado.
*www.thaniamoreira.com*

16 **Amarelas S. Coop. Galega**
Proxecto socio-edu-eco-ludo-turístico heteroxéneo e dual que desenvolve actividades de turismo e ocio en Galicia.
*www.amarelas.es*

17 **CETÁCEA Estudio**
Estudo de deseño creativo sostible con un proxecto vital: Salvar ao mundo!
*www.instagram.com/cetaceaestudio*

18 **TXOKOSURF WEAR**
Roupa surfera.
*www.txokosurfwear.com*

19 **Aida Alonso**
✂ Papel • Ilustración • Proxectos artísticos.
*www.aidalonso.es*

20 **Rooteiro**
Turismo slow en Galicia, todo tipo de rutas poñendo en valor o patrimonio cultural, natural, gastronómico ou mariñeiro dende unha perspectiva responsable e sostible.
*www.rooteiro.com*

21 **Oytto**
Venda online de calzado de muller orientado á moda coa particularidade de centrarse en números pequenos e grandes, a pesar de ter tamaños comúns.
*www.oytto.com*

22 **Estudio Avelaíña**
Un estudo de deseño gráfico sostible.
*www.estudioavelaina.es*

23 **Magia en la Manga**
Espectáculos de maxia de calidade para cualquera evento.
*www.magiaenlamanga.com*

24 **Kidcode**
Proxecto de formación científico-tecnolóxica para rapaces e rapazas. Enfocado en axudarlles a identificar os seus talentos e habilidades a través da tecnoloxía.
*www.kidcode.es*

25 **NorPromenade**
Paisaxismo, deseño de xardíns horizontais e verticais e desenvolvemento de plans para a protección do Patrimonio Natural.
*www.norpromenade.com*

26 **BEFLAMBOYANT BRAND SL**
Zapatillas veganas, sostibles e unisex.
*www.beflamboyant.com*

27 **NATURAL SNACK LAB LU**
Snacks deshidratados a partir de purés de froitas 100% naturais, sen colorantes, conservantes nin azucres engadidos. O seu nome Fruitah!
*www.fruitah.es*

28 **MERAKI FERMENTS**
Alimentos e bebidas con cualidades probióticas. Os primeiros en elaborar Kombucha en Galicia.
*www.merakiferments.com*

29 **PERDONA BONITA CREATIVE**
Bixutería artesanal feita a man.
*www.perdonabonita.es*

30 **MycoGalicia Plantae**
Empresa centrada na xestión e valorización do recurso micolóxico dos montes galegos para o desenvolvemento rural.
*www.mycogalicia.es*

31 **eezon e3 (VMS Automotive)**
Vehículo eléctrico de tres rodas (scooter) con estética urbana, lixeira e accesible que invita a tomar os seus mandos e moverse pola cidade sen ningunha atadura nin dificultade. Nace como spin-out do grupo industrial Marsan, referencia no sector da automoción.
*www.eezon.net*

32 **Volvemos a Primera, Producciones audiovisuales**
Produtora de vídeo especializada en ficción, documental, video en internet, Youtube, campañas de vídeo e vídeo corporativo.
Traballa realización "live streaming" low cost en colaboración con Cedosce Audiovisual.
*www.volvemosaprimeraproducciones.com*

33 **Toxo Aventura e Natureza**
Achegan o deporte da orientación a todo o mundo. Ofrecen probas deportivas que mesturan habilidade, actividade física e contacto coa natureza a partes iguais e para toda a familia.
*www.toxoaventura.com*

34 **A FACTORÍA ATELIER**
Obradoiro adicado á recuperación de mobles e á creación artesanal de decoración e complementos a partir de materiais recuperados e sustentables.
*www.afactoriaatelier.com*

35 **Catro Ventos Editora Soc. Coop. Gal.**
Editora adicada á publicación de obras dos eidos da economía social, a ecoloxía, o consumo sustentable e a educación e crianza alternativa.
*www.catroventos.gal*

36 **Huella Menguante**
Tenda online de produtos de uso diario orientados a reducir os residuos plásticos, produtos reutilizables, biodegradables e de cercanía.
*www.huellamenguante.com*

# MAPA DE STANDS

**Recinto do Pont-Up Store**
**PLAZA DE ESPAÑA**




## STANDS INSTITUCIONAIS

INFORMACIÓN

SIENTE VR

APELMATIC

MERY PUCH

TRES FUCIÑOS

NORTH WEST OF SPAIN

MUNDAYA

D-RAÍZ

IRIA PROL STUDIO

REVISTA MORCEGO

ESTUDO BONOBO

AMÁSAME BAKERY LAB

EVENTS BY CRIS FDEZ.

A3 PROYECTOS

THANIA MOREIRA

AMARELAS S.COOP GALEGA

CETÁCEA ESTUDIO

TXOKOSURF WEAR

AIDA ALONSO

ROOTEIRO

OYTTO

ESTUDIO AVELAÍÑA

MAGIA EN LA MANGA

KIDCODE

NORPROMENADE

BEFLAMBOYANT BRAND SL

NATURAL SNACK LAB LU

MERAKI FERMENTS

PERDONA BONITA CREATIVE

MYCOGALICIA PLANTAE

EEZON E3

VOLVEMOS A PRIMERA

TOXO AVENTURA E NATUREZA

A FACTORÍA ATELIER



CATRO VENTOS EDITORA

HUELLA MENGUANTE

# PUNTAZO EXPRES

**Organizan:** Concello de Pontevedra / Pont-Up Store / Nova Xestión Cultural
**Presentou:** Gloria Blanco, Concelleira de Promoción Económica, Turismo e Universidade e Pedro Figueroa, Director do Pont-Up.
**Descrición da actividade:** 10 emprendementos seleccionados previamente de entre os candidatos nesta modalidade presentaron os seus proxectos durante 5 minutos con 2 minutos de réplica por parte dos Escoitantes.

## RELACIÓN DE ESCOITANTES

### Uxía Fontán Lago
**Social Media & Inbound Marketing Director en Roi Scroll.**

Licenciada en Administración e Dirección de empresas pola Universidade de Vigo, na súa carreira profesional desempeñou diversos postos relacionados coa xestión empresarial, ben sexa como consultora, como responsable de administración nunha peme do sector naval ou enfocada na mellora continua dos procesos da empresa. Pero é a área de Marketing a que conquistou definitivamente. Hoxe en día desempeña o posto de Social Media e Inbound Marketing Director na axencia galega de marketing dixital Roi Scroll.

### Carlos Suárez Rey
**Socio e Director Xeral de EDISA**

Doutor Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade Politécnica de Madrid. Executive MBA e PAD por IESIDE. Programa "Management Research" Universidade de Harvard. Profesor na IESIDE en programas de grao e postgrao dende 1993. Profesor en programas de postgrao da Univ. Politécnica de Madrid dende 1995. Autor de máis de 10 libros e publicacións sobre os Sistemas e a Sociedade da Información. Socio e Director Xeral de EDISA dende 1993 ata a actualidade.

### Jessica Rey Gómez
**Responsable de marketing en Casa Grande de Xanceda**

Responsable do departamento de marketing e responsabilidade social de Casa Grande de Xanceda, unha granxa ecolóxica situada no interior da provincia da Coruña, que coida a 380 vacas "muUuy" felices e elabora produtos lácteos ecolóxicos de altísima calidade. Sen perder a esencia da granxa e do rural, con recursos limitados e desde un sector competitivo como o leiteiro, Jessica puxo en marcha iniciativas con repercusión a nivel nacional e internacional. É licenciada en Comunicación Audiovisual, cun Máster en Marketing Dixital (ESIC), e unha gran defensora do medio ambiente e dos animais.

### Tomás Casquero Cimadevila
**Director Xeral de Hifas da Terra**

Licenciado en dereito pola Universidade de Navarra, Diplomado en dereito internacional e comparado pola Universidade de Amsterdam e Master en Economía e Dirección de Empresas ( MBA) polo Instituto de Estudos Superiores da Empresa (IESE). En 2006 foi nomeado Director Xeral de ACLUNAGA, onde asumiu a representación da industria naval galega e española. Durante 3 anos desempeñou a presidencia da mesa de diálogo social europeo. Desde setembro de 2014 é o Director Xeral da biotecnolóxica galega Hifas da Terra.

# RELACIÓN DE PARTICIPANTES

## EEZON E3 VMS AUTOMOTIVE

Vehículo eléctrico de tres rodas (scooter) con estética urbana,lixeira e accesible que invita a tomar os seus mandos e moverse pola cidade sen ningunha atadura nin dificultade. Nace como spin-out do grupo industrial Marsan, referencia no sector da automoción. www.eezon.net

## A3 PROYECTOS

Representación virtual de proxectos de Enxeñería e Arquitectura. www.atresproyectos.com

## ESTUDO BONOBO

Escola de artes e á vez moito máis que iso. Empresa de servizos socioculturais, selo discográfico, produtora audiovisual,... cun enfoque de impacto social integrador. www.estudobonobo.com

## FARRAPOS E CONTOS

Farrapos e contos é un movemento ecolóxico, sostible, solidario e inconsciente creado a partir dunha marca de roupa conta contos. www.farraposecontos.com

## TRES FUCIÑOS (S.COOP)

Cooperativa de porco celta criado en liberdade nos montes de castiñeiros e carballos. Empregando os medios naturais locais e os saberes tradicionais na crianza do porco autóctono e na elaboración dos seus derivados. www.tresfucinos.gal

## SOMOSTERRA

Formación en sostibilidade e asesoramento en desenvolvemento sostible. Servizo de divulgación científica para contribuír á xeración de cultura científica na sociedade e promover a adaptación da sociedade para os inminentes escenarios de incerteza climática. www.tresfucinos.gal

## MUNDO ESCÉNICO

Unha plataforma dixital que nace co obxectivo de modernizar, democratizar e facer máis accesible o mundo das Artes Escénicas en Galicia. www.mundoescenico.gal

## NOSOSONO

Espazo online onde se expoñen, difunden e venden produtos de arte, deseño e artesanía pensados e fabricados a man. www.nososono.com

## TRIQUELS

Cooperativa que axuda a empresas e marcas con valores a mellorar a súa comunicación e sostibilidade. www.triquels.com




## TICGAL

TICgal dá soporte a unha aplicación opensource chamada GLPI. O obxectivo inicial da aplicación é a xestión de peticións e o inventario informático http://www.tic.gal/

# ACTIVIDADES DEMOSTRATIVAS

## ACTIVIDADES EN CONTINUO

### Experiencia olfativa do Pont-Up Store

**Organiza:** APELMATIC Experiencias Olfativas

Unha experiencia sensorial única asociada ao evento que xeraba un ambiente agradable aos participantes e visitantes, aumentando a sensación de benestar.
cun aroma adaptado ao lugar e ao público que asiste ao Pont-Up Store.

### Presentación eezon e3

**Organiza:** eezon e3 (VMS Automotive)

Presentación e exhibición de eezon e3, unha motocicleta eléctrica de tres rodas, innovadora solución da mobilidade urbana. Ten a mobilidade dunha moto convencional, pero un nivel de seguridade moi superior.

### Podcast en directo

**Organiza:** Galician Rural Lab

Podcast en directo no que se deu voz as persoas participantes, entidades organizadoras e patrocinadoras do Pont-Up Store 2019.

## Circuito permanente de orientación na cidade de Pontevedra

**Organiza:** Toxo Aventura e Natureza

Circuito permanente de orientación a realizar rexistrando o paso por diferentes balizas a través dunha app.

## Deportes Urbanos

**Organiza:** Urban Culture Factory

Actividades demostrativos nas que os asistentes puideron probar algunhas modalidades de patín e skate, como o surf skate ou skate en rampa.

# VENRES 20

**13:00 - 14:00H**

## Almorza, petisca, merenda, dun xeito responsable.

Organiza: **ACASTREXA**

Durante a presentación o público tivo a oportunidade de coñecer as bolachas (galletas de millo) e coñecer máis a fondo o proxecto de ACASTREXA.

**17:00 - 17:45H**

## Coñece o deporte da orientación

Organiza: **Toxo Aventura e Natureza**

Charla informativa sobre o deporte da orientación, que conxuga destreza física e mental.



**17:00 - 1830H**

## Life Streaming profesional co teu móvil

Organiza: **Volvemos a Primera Producciónes Audiovisuales + Cedosce Audiovisual**

Mostra de realización live streaming con teléfonos móbiles multicámara para eventos.

19:00 - 20:00H

## Os teus plásticos no mar

**Organiza:** Huella Menguante

Actividade para nenos consistente en simular 1m cadrado de superficie dos nosos areais, facer un cribado da area e posteriormente facer un labor de identificación dos restos plásticos e da súa orixe.

19:00 - 20:00H

## Desenvolvendo o talento a través da tecnoloxía

**Organiza:** Kidcode

Mostra da metodoloxía Design Thinking a través do deseño de prototipos con ferramentas como a robótica, a programación ou a impresión 3D.



20:00-21:00H

## Espectáculo de maxia

**Organiza:** Magia en la Manga

Espectáculo de maxia para todos os públicos cheo de diversión, sorpresas e misterio. Unha ocasión perfecta para ver en acción unha maxia profesional, moderna e impactante.

# SÁBADO 21

**13:00 - 14:00H**

## Domesticando cogomelos

**Organiza:** Mycogalicia Plantae

Actividade demostrativa na que montamos unha paca produtora de cogomelos misturando pellet de palla e micelio de cogomelo ostra (Pleurotus ostreatus). Tamén nos explicaron  como é a nutrición dos fungos, o papel que levan a cabo na natureza e como o ser humano conseguiu domesticar gran variedade de especies no seu beneficio.

**17:00 - 17:45H**

## O futuro do pan está no pasado

**Organiza:** Amásame Bakery Lab

Actividade informativa e demostrativa que xirou arredor da fermentación con masa nai de cultivo, da aplicación de temperaturas para unha fermentación lenta e da súa relación demostrada coa correcta asimilación do glute. Ademáis, os rapaces de Amásame sacaron a colación a relevancia de traballar con fariña sin aditivar e con fariñas moídas a pedra, de gran completo e de proximidade.

16:45 - 17:45H

## Presentación do Galician Rural Lab

**Organiza:** Galician Rural Lab

Presentación do Galician Rural Lab, plataforma de empoderamento das parroquias do rural galego.

17:45 - 18:45H

## Xincana Mitolóxica, Pontevedra

**Organiza:** Amarelas S.Coop.Galega

Actividade demostrativa na que os participantes tiñan que descubrir os seres mitolóxicos que se agochan nas rúas de Pontevedra, interpretando os recursos que se agochan no casco vello dunha maneira diferente.



# LABORATORIO CREATIVO: FAB LAB

## MUSIC LAB

## MÉRCORES 18 A VENRES 20

Tendencias e innovacións nos escenarios. Da creación sonora á creación audiovisual en tempo real.
Organiza: XENEME Innovación Social e Local de Música de Pontevedra.

- Laboratorio Creativo
  - MESA REDONDA.
    Tendencias e innovacións nos escenarios
    - Showroom dos proxectos creados no Fab Lab.



# SÁBADO 21

## Taller de Stop Motion

### Emprendemento tecnolóxico para rapaces e rapazas.

Taller que fomenta os valores do emprendemento e os conceptos STEAM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería, Arte e Matemáticas).

TALLER 1: 10:00-12:00H | 7 A 9 ANOS

TALLER 2: 12:00-14:00H | 10 A 12 ANOS

Organiza: R // Imparte: Líbolis

## Charla de educación dixital

Charla de educación dixital para pais, nais, persoas titoras e adultas sobre o emprego das tecnoloxías dos nativos e nativas dixitais.

CHARLA 1: 10:00-12:00H

CHARLA 2: 12:00-14:00H

Organiza: R // Imparte: Sherpa Digital

# ESPAZO GAMING

## XOVES 19 A SÁBADO 21

XOVES 19 / 18:30 A 20:30H

### Charla técnica de creación de personaxes

O deseñador de xogos e conceptual de Corvus Belli, a empresa galega creadora de Infinity, wargame de éxito mundial, contounos como enfrontan a creación de personaxes para os seus xogos,falándonos da caracterización do público obxectivo, os puntos de partida creativo ou os límites propios.

Organiza: SPA-cc // Imparte: Alberto Abal (www.corvusbell.com)

VENRES 20 / 18:30 A 20:30H

### Taller práctico de iniciación á animación de personaxes

O realizador de animación Jorge Costas fixo un repaso aos principios das técnicas clásicas de animación, que se utilizan hoxe en día nas máis modernas producións de animación CGI ou videoxogos.

Organiza: SPA-cc // Imparte: Jorge Costas

VENRES 20 / 18:30 A 20:30H

### Taller práctico de creación de “assets” para videoxogos

Oliver Villar, Formador Certificado da Blender Foundation e autor do libro “Aprendiendo Blender” presentounos Blender 3d como ferramenta de creación dixital para a elaboración de elementos (assets) para a súa inclusión en entornos interactivos e motores de tempo real.

Organiza: SPA-cc // Imparte: Oliver Villar

VENRES 20 / 18:30 A 20:30H

### Mesa redonda: Emprendemento en videoxogos

Representantes dos distintos sectores de actividade con implicación no desenvolvemento dos videoxogos debatiron sobre a situación e as necesidades do sector e as oportunidades de emprendemento que teñen cabida nel.

Organiza: SPA-cc // Imparte: Carlos Pereiro de Revista Morcego

Participan: Bea Legerén, Nacho Pintos, Oliver Villar

Planet 51
2009
Ilion Animation Studios

Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

# ESPAZO DE ECONOMÍA SOCIAL E CREATIVA

## XOVES 19

### Xornada “As cooperativas culturais: resposta aos retos do sector cultural”.

10:30 A 14:00H

**Mesas de experiencias inspiradoras**

As cooperativas mixtas: unha opción de interese no sector
Acordos de uso de espazos públicos nas administracións e cooperativas.

**Encontro con representantes de institucións públicas e entidades privadas**

Organiza: Unión de Cooperativas Espazo Coop

10:30 A 14:00H

**Xuntanza interna da Sectorial de Cultura da Unión de Cooperativas EspazoCoop**

# VENRES 20 E SÁBADO 21

11:00 - 14:30 / 16:30 A 21:00H

## Mural de Co-creación: “Imaxina a empresa ideal”

Mediante esta actividade buscamos a cocreación dun mural que transmitira a esencia da nova forma de crear empresa baseada nunha economía con valores sociais e responsables.

Organiza: Rede EUSUMO, Subdirección Xeral de Economía Social - Consellería de Economía, Emprego e Industria.

11:00 - 14:30 / 16:30 - 21:00

## Exposición “Cata de ideas na economía social proxecto INTERREG VA-LACES”

As cooperativas mixtas: unha opción de interese no sector
Acordos de uso de espazos públicos nas administracións e cooperativas.

Organiza: Subdirección Xeral de Economía Social - Consellería de Economía, Emprego e Industria.



# ESPAZO DE DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS E DO ECOSISTEMA EMPRENDEDOR

## VENRES 20

16:30 A 18:00H

### Jam Session de Marketing Online: Improvisación, Seo, WPO e Negocio Dixital

Organiza: Koompany // Imparte: Pablo Medraño

Exercicio de improvisación arredor de diferentes conceptos do negocio dixital, SEO e WPO,

18:30 A 20:30H

### Emprende con WordPress

Organiza: Comunidade WordPress de Pontevedra

Metup especial da Comunidade WordPress de Pontevedra.
Presenta: Juan Hernando, Worpress Pontevedra, e Ana Dopico, representante do Pont-Up Store.
Interveñen:Ainara Costas, Dani Serrano, Nora Ferreirós, Marta Tirre e Nahuel Badiola.

# SÁBADO 21

## ALMORZO NETWORKING

### "Os novos camiños do emprendemento"

**Organiza:** Aempe, Aje Pontevedra e Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía de Arousa

Almorzo distendido con persoas emprendedoras e expertas que nos achegaron pílulas formativas en áreas: económico-financeiras, marketing-ventas, legal e xurídico, como alicerces de apoio clave no emprendemento.

**Presenta:** Representantes das entidades organizadoras.
**Modera:** Silvia Crespo, Directora de Bien Bonito, Vicepresidenta de Aempe e parte do Comité do Pont-Up Store.
**Interveñen:** Marcelo Toural, CEO de Krack e Diana Fernández Soutullo Avogada.

# ESPAZO DE IGUALDADE

## VENRES 20

17:30 A 19:00H

### EMPRENDEDORAS: unha odisea no #ciberespazo

Encontro anual de Mentoring e Emprendemento en Galicia que puxo o foco na ardua odisea de emprender, especialmente en disciplinas tecnolóxicas, para crear un futuro sostible en igualdade.
Mesa redonda con debate entre persoas emprendedoras, especialistas en emprendemento e FFF ( Family, Friends & Fools).

Organiza: Fundación WOMANFORDWARD
Presenta e modera: Paloma Castro Rey, Concelleira de Igualdade do Concello de Pontevedra e Ramón Suárez, Embaixador de WOMANFORDWARD

ORGANIZA:

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

# VENRES 20

17:30 A 19:00H

## EMPRENDEMENTO FEMININO: Especial sobre Axudas ao emprendemento feminino Emega da Secretaría Xeral de Igualdade

Intervención inicial a cargo da Secretaría Xeral da Igualdade sobre a aposta da Xunta de Galicia co Programa Emega destinado ás emprendedoras galegas.
Presenta: Isabel Neira Gómez, Profesora Titular de Economía Aplicada (Econometría) na USC.
Interveñen: Emprendedoras que foron beneficiarias da axuda do Emega (convocatoria de subvencións da Secretaría xeral da Igualdade para apoiar o empredemento feminino)
· Centro Lingoreta. Directora: Diana Lameiro Aznar
Subdirectora: Mª del Carmen Rodríguez De Dios (Intervención)
· Dra. María Loira Gago. Directora Clínica Dental Studio.
· Olalla Rúa Gallego. Fundadora de BreathingaliciaWOMANFORDWARD

17:30 A 19:00H

## EXPOSICIÓN: Mulleres premiadas co Galardón Mª Josefa Wonenburger Planells

Con esta exposición pretendíase visibilizar e facer chegar á sociedade as contribucións feitas polas mulleres galegas á ciencia e á tecnoloxía.
Todas elas foron galardoadas co Premio María Josefa Wonenburger Planells, que outorga anualmente desde o ano 2007 a Xunta de Galicia.

# ESPAZO DE INOVACIÓN SOCIAL

## VENRES 20

17:30-18:00

### Presentación do Galician Rural Lab

Organiza: Galician Rural Lab

Consultar páxina 21.

## SÁBADO 21

19:15 - 20:45

### Innovación Social Interxeneracional: VULNERABLES

Concerto de DETERIORADOS.
Country&Blues Heroico do Delta do Morrazo.

# TECENDO REDES: Espazo Networking

## VENRES 20

## CREANDO VALOR, TECENDO REDES

### Diseños disruptivos para espazos innovadores

Proxecto colaborativo de: FINSA e EUDI (Escola Universitaria de Deseño Industrial)
Tanto na exposición na carpa institucional, coma nos stands que aceptaron o reto de colaborar, as persoas que visitaron o evento tiveron a oportunidade de desfrutar da exposición dos prototipos materializados, novos conceptos de mobiliario ao tanto das necesidades e tendencias do mercado.

# VENRES 20

14:30 - 16:30H

## TECENDO COMUNIDADE

### Networking de participantes

Organiza: Comité Organizador do Pont-Up Store 2019.

DENDE AS 21:00H

## VIÑO PARTICIPATIVO

Organiza: Pont-Up Store 2019 / Concello de Pontevedra

# SÁBADO 21

14:30 - 16:30H

## VERBENA CREATIVA - A ENREDADEIRA
## Espazo de unión de comunidades activas que mobilizan as nosas contornas

Proxecto colaborativo: Ao longo de dúas horas compartimos risas, bailes e bo xantar entre todas as persoas que asistiron dende diferentes comunidades da nosa contorna e máis alá: A Redeira, wordPress Pontevedra, Local de Música, Campusiño, Enpoio(Poio Impulsa), Creative Habitat, Mulleres Atlánticas, Pont-Up Store...

17:30 A 19:00H

# EMPRENDE O TEU CAMIÑO.
# Carreira de Orientación Para Valentes.

Presenta: Toxo Aventura e Natureza / Pont-Up Store
Patrocina: ABANCA, GADIS

Carreira de orientación por equipos (de 2 a 4 persoas) cunha duración máxima de 2 horas 30min que se desenvolveu na contorna urbana de Pontevedra. As persoas participantes mostraron as súas competencias para traballar en equipo, lideralo, tomar decisións correctas e consensuadas, e resolver problemas.

19:00 - 20:30H

# 1 hora= 60 minutos
# Economía Social e os bancos de tempo

Organiza: A Redeira
Unha hora ten o mesmo valor para todas as persoas: 60 minutos.
Organizamos unha xuntanza onde poderás coñecer os bancos de tempo como ferramenta para dar vida a novos proxectos e iniciativas.

BICO
de xeado




SUR
-LOS ANGELES-

MÁSAME
MÁSAME

# INICIATIVAS PREMIADAS

MERAKI FERMENTS

Mellor proxecto 2019 en:
Alimentación e Restauración

Mellor proxecto 2019 en:
Comunicación, Deseño Gráfico e Eventos

REVISTA MORCEGO

BEFLAMBOYANT

Mellor proxecto 2019 en:
Deseño, Moda, Complementos e Decoración

Mellor proxecto 2019 en:
Enxeñerías, Consultorías e Outros Servizos

MycoGalicia Plantae S.L.

Mellor proxecto 2019 en:
Turismo, Ocio, Saúde e Benestar

TOXO
aventura e natureza

sienteVR

Mellor proxecto 2019 en:
Tic´s e as Novas Tecnoloxías

Mellor proxecto 2019 en:
Formación, Educación, Arte e Cultura

magia en la manga

eezon

1º Premio 2019
Mellor Proxecto Emprendedor

PONT-UP
STORE

# UNHA IDENTIDADE PROPIA

A campaña deste ano buscaba por en valor o risco que asumen as persoas que deciden emprender, para agradecerlles a valentía de apostar por unha idea, entregando o seu tempo e o seu esforzo para facer realidade proxectos que tantas veces contribúen a mellorar a vida da nosa sociedade, e tamén a reequilibrar, a base de moito esforzo persoal, as eivas da economía global.

A ilustradora galega **IRIA PROL** interpretou a mensaxe da campaña cunha composición piramidal que apunta cara arriba para representar o esforzo do emprendemento e ilustrar a idea de que, aínda que ás veces só vemos a punta do iceberg, detrás de cada emprendemento hai unha gran base de traballo e esforzo, na que as persoas emprendedoras teñen que ter os pés na terra e á vez manter a vista no futuro, medrando cara arriba.

Novamente, **O CABLE INGLÉS** trazou en colaboración co Comité Organizador unha campaña que se desenvolveu en multitude de formatos para alcanzar un impacto o máis amplo posible baixo o claim **"O IMPULSO DA XENTE VALENTE",** que acompañou tanto á campaña como á estratexia de difusión do evento.

Estes foron algúns dos elementos de deseño impresos ou publicados que deseñaron e elaboraron: Imáxe da páxina web **(http://pontupstore.com)**, elaboración de cabeceiras e avatares para as redes sociais, banners promocionais, roller portátil, flyers, carpetas, programas, carteis ou mupis, entre outros.

## RELACIÓN DE MATERIAL GRÁFICO E PROMOCIONAL

*Dossier Emprendedores*
*Programa: 3.000 unid.*
*Cartelóns en cartón pluma para photocall: 1*
*Cartel Pont-Up: 500 unid.*
*Mupi: 60 unid.*
*Carpetas: 500 unid.*
*Rollup grande (220cm x 206cm)*
*Lona*
*Tímpano*
*Photocall*
*Memorias: 300 unid.*
*Camisetas Comité Organizador*
*Camisetas Pont-Up Store 2019*
*Mochilas*



PONT-UP STORE
ESPAZO DE EMPRENDEMENTO
IMPULSO DA XENTE VALENTE
PROGRAMA
2019 / PRAZA DE ESPAÑA / PONTEVEDRA

JCDecaux
19-21 SETEMBRO
IMPULSO DA XENTE VALENTE

IMPULSO DA XENTE VALENTE

PONT-UP STORE
IMPULSO DA XENTE VALENTE

COMITÉ ORGANIZADOR

IMPULSO DA XENTE VALENTE
PONT-UP STORE

ESPAZO DE EMPRENDEMENTO
PONT-UP STORE
IMPULSO DA XENTE VALENTE

JCDecaux
19-21 SETEMBRO
PRAZA DE ESPAÑA / PONTEVEDRA
IMPULSO DA XENTE VALENTE

IMPULSO DA XENTE VALENTE

PROMOVE:
Universidade de Vigo
PATROCINADOR PRINCIPAL:
CONCELLO DE PONTEVEDRA
MÁIS INFORMACIÓN:
info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com
ILUSTRACIÓN:
iriaprol
DIRIXE E ORGANIZA:
G4 PLUS
DESEÑA E COMUNICA:
Member of:
ECOBAS
SÉGUENOS EN:

PONT-UP STORE
2019
ESPAZO DE EMPRENDEMENTO

IMPULSO DA XENTE VALENTE

PATROCINADORES:
Universidade de Vigo
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
XUNTA DE GALICIA
GADIS
FINSA
Consulta o programa en: PONTUPSTORE.COM

# ENQUISA DE SATISFACCIÓN

## VALORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO EVENTO

## VALORACIÓN XERAL DO EVENTO EN FUNCIÓN DAS EXPECTATIVAS PREVIAS

## NIVEL DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS

## TEST DE PRODUTOS / SERVIZOS ACTUAIS




## NETWORKING CON OUTROS EMPRENDEDORES




## ¿RECOMENDARÍAN PARTICIPAR NO EVENTO?

RESULTADOS 2019

MEDIA EDICIÓNS ANTERIORES

**Enquisa de satisfacción enviada aos 36 participantes do Pont Up Store 2019 con presenza na modalidade de stand. Elaborada en Google Docs con prazo de resposta entre o día 24/09 e o 29/09 Tratáronse 32 respostas (88,89% participación). Escala de Likert de 1 a 5 (sendo 1 o máis negativo e 5 o máis positivo).*

# COMITÉ ORGANIZADOR

## UNIVERSIDADE

### PEDRO FIGUEROA

**Director do Grupo de Investigación G4 Plus da Universidade de Vigo e Director do Observatorio Urbano de Pontevedra.**

Doctor en Ciencias Empresariais, Profesor titular da área de organización de empresas da Universidade de Vigo, experto en xestión do coñecemento e capital intelectual (IMSEAD), Executive-MBA pola Escola de Negocios Caixavigo (actualmente Afundación). Director da Conferencia Ibérica de Emprendemento 2014 e creador e impulsor do Pont-Up Store.

### ANA DOPICO

**Profesora Contratada Doctora na área de Comercialización e investigación de mercados, Universidade de Vigo.**

Doutora en Administración e Dirección de Empresas. Postgrado en análise da xestión e innovación tecnolóxica na USC. Autora de libros, artigos e ponencias en revistas e congresos no ámbito do marketing. Nos últimos anos a súa liña de investigación está centrada no estudo da Responsabilidade Social Corporativa. Membro do Comité Organizador dende o Pont-Up Store 2014.

### ÁNGELA CAL

**Economista, xestora administrativa e consultora de empresa, socia–consultora en DTEAREA5 CONSULTORES e Acega Asesores. Profesora asociada do departamento de organización de empresas e marketing.**

Profesora Asociada da Universidade de Vigo do Departamento de Organización de Empresas e Marketing. Especialización en asesoramento integral a empresas e emprendedores. Administración tributaria e fiscalidade. Finanzas Corporativas. Desenvolvemento Económico e Innovación. Membro do Comité dende o 2015.

### ANA OLVEIRA

**Técnica da Rede Eusumo, doutoranda da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora asociada ao Centro de Estudos Cooperativos.**

Diplomada en Relacións Laborais con mestrado en xestión e dirección laboral desempeña a súa labor de consultora e formadora na Rede Eusumo centrándose no emprendemento e o acopañamento a novos grupos promotores. No campo da investigación centra o seu traballo na organización de empresas en concreto no estudo das cooperativas dende unha perspectiva de xénero.

### DANIEL GALLEGO

**Secretaría técnica , Técnico de investigación, G4plus**

Investigador e xestor de proxectos para o sector público e organismos intermedios. Responsable técnico do Observatorio Urbano de Pontevedra. Máster en Dirección Pública e Liderazgo Institucional. Graduado en Dirección e xestión Pública. Experiencia en diversos traballos sobre emprendemento e membro da secretaría técnica e membro do Comité dende a primeira edición do Pont-Up Store no ano 2014.

### ANABEL PÉREZ

**Responsable da comunicación online e as redes sociais do Pont-Up Store.**

Social Media & Influencer Marketing Specialist en Roi Scroll, colabora na organización do Pont-Up Store dende 2015 e forma parte do Comité Organizador e a Secretaría Técnica en 2016.

# EMPRENDEDORES E EMPRENDEDORAS

## DIEGO PARAJÓ

**Director xeral en XENEME Proxectos Sociais**

Emprendedor social. Traballando incansablemente para mellorar o mundo. Socio fundador e xerente de Xeneme Proxectos Sociais desde 1998, onde desenvolvo a miña actividade como formador, asesor e project manager en servizos sociais, educativos e culturales. Director do Local de Música de Pontevedra. Membro do Comité desde 2015.

## SUSANA LOROÑO

**Coordinación de proxectos, Dalleqdalle S. Coop. Galega – Espazo Coworking**

Despois de desenvolver a miña carreira en diferentes sectores: Admon. Empresas, Bibliotecas Públicas e Médicas, así como Doc. Sanitaria, realicei por acaso un Obradoiro de "Xestión Cultural", onde xurde a idea do "Coworking" e xunto coas miñas compañeiras Yolanda e Raquel nace "Dalle que Dalle Soc. Coop. Galega en Vilagarcía para xestionar un lugar onde compartir ideas, cafés, proxectos e ilusións con emprendedores, autónomos e PEMES. Membro do Comité desde 2015.

## ROBERTO CABECEIRA

**CEO e Director técnico en Xeométrica, enxeñería 3D aplicada**

A día de hoxe, a miña actividade profesional principal desenrólase na aplicación e innovació de técnicas de enxeñería 3D adicadas á posta en valor, protección e divulgación do patrimonio cultural, e o análise métrico no sector naval. Son enxeñeiro especialista en digitalización métrica 3D e análise multiespectral vexetal e as veces profesor invitado e conferenciante da Universidade de Vigo, pero ante todo: emprendedor e autodidacta en continua formación! Considero o emprendemento un pilar fundamental na sociedade actual e na medida do posible, aporto o meu graniño de area a tódalas accións que o impulsen, difundan e promovan. Empresa participante en Pont-up Store 2015 e membro do Comité dende 2016.

## SILVIA CRESPO

**Directora de Bien Bonito**

Asesora de imaxe sempre cargada de ideas e vestida de ilusión... Directora creativa en Bien Bonito; empresa que sinte paixón polos uniformes, polo bonito, o especial e o auténtico centrándose en tres grandes eixes, o cariño, materiais nacionais, e a contribución ao desenvolvemento de negocios locais. "Pódense facer as cousas "Ben" e ao mesmo tempo, "Bonitas". Empresa participante en Pont-up Store 2014 e membro do Comité dende 2016.

## DAVID CONDE

**CEO de Coinscrap - Senseitrade**

Coinscrap é unha app que redondea as compras realizadas con cartón e automaticamente transfire a diferenza a un seguro de aforro. Senseitrade é unha plataforma que analiza as redes sociais para detectar oportunidades en bolsa. Pasar toda a súa carreira profesional traballando como asesor de Banca Privada permitiulle detectar necesidades nos clientes que poden ser cubertas por novas solucións tecnolóxicas moito máis fáciles, eficientes e baratas. Empresa participante en Pont-up Store 2016 e membro do Comité dende 2017.

## ANA CARPINTERO

**Directora de SomosOcéano**

Licenciada en Comunicación Audiovisual e cun Máster en Comunicación de Moda traballou durante varios anos en importantes publicacións internacionais de moda coma estilista e productora. Tras esta etapa decidiu lanzar SomosOcéano, a súa propia marca de roupa, baseándose na identidade do norte e cun importante compoñente de sostibilidade porque as prendas que vestimos "teñen que ser tan bonitas por dentro coma por fóra".

## DIEGO RODRÍGUEZ

**Socio Traballador en 7HCoop**

Técnico Superior en Realización Audiovisual e de Espectáculos pola EIS de A Coruña e Graduado en Belas Artes pola Universidade Vigo. Desenvolvo o meu traballo como socio de 7H Cooperativa Cultural. En 7H achegamos os procesos de creación e a economía social á cidadanía, realizando proxectos cos que defendemos valores como a igualdade, a soliedariedade e o compromiso social e ca contorna. Participantes en Pont-Up Store 2015, e parte do Comité desde 2016.

## BEA MAZAIRA

**Betty and the Amish**

Estudos no Conservatorio Superior de Música, graduada en Belas Artes e cun Máster en Profesorado na itinerancia de artes, leva máis dunha década de percorrido na escena cultural galega, colaborando con artistas emerxentes e facendo fincapé da igualdade no panorama musical. É profesora de canto e piano en A Casa do Rock, en Compostela.

## NOELIA CANTO

**Presidente de Freshysweet**

Productora audiovisual abríndose camiño no mundo da publicidade como presidenta da axencia junior FreshySweet, empresa participante en Pont-up Store 2014. Membro do Comité dende 2019.

## EVELIO SÁNCHEZ

**Spa-CC**

Converto a miña paixón pola tecnoloxía en ferramentas que fan máis fácil o meu traballo e o dos demais. Desde SPA Planeamento, como arquitecto, axudo aos meus clientes para dar forma aos seus soños, en SPA-cc convertémolos en pixeles para mundos dixitais e en ediliciaBIM dámoslles ferramentas para xestionalos relacionando construción e información. Falo no primeiro podcast colaborativo sobre BIM en español: BIMrras. Empresa participante en Pont- up Store 2018 e membro do Comité desde 2019.

## ALBA ANTEPAZO

**The Graphics Project**

Diplomada en Óptica e Optometría pola Universidade de Santiago desde 2010 e con Estudos Superiores en Audioloxía Protésica, é en 2017 cando se atreve a dar o paso e fundar Graphics, a súa marca de lentes de sol de deseño propio. Defendendo sempre a calidade nos seus modelos, xoga coas combinacións entre diferentes acetatos para conseguir modelos cheos de cor e personalidade. "Lentes de sol para xente con actitude" como lema e "Deseñado en Galicia" por bandeira, busca aplicar ese carácter a cada detalle de Graphics, así o reflicte a súa imaxe de marca. Participante en 2018 e membro do Comité dende 2019



REDACCIÓN E ELABORACIÓN DA MEMORIA: ANABEL PÉREZ E DANIEL GALLEGO

## COLABORADORES:

Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
Universida de Vigo

Facultade de Belas Artes
Universida de Vigo

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade

//ABANCA

IESIDE BUSINESS INSTITUTE
INSTITUTO DE EDUCACIÓN SUPERIOR INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS

GALICIA ECONOMÍA SOCIAL CREATIVA

músicos ao vivo

Ciem
Conferência Ibérica de Empreendedorismo

WORDPRESS PONTEVEDRA

fundación ronsel
fomento do emprego

Woman Forward

ESCOLA · SVPERIOR DE · CONSERVACION E · RESTAVRACION DE · BENS · CVLTVRAIS DE · GALICIA

amces
Asociación Española de Mentoring

ELEFANTES DE CACHARRERIA

ESPACIO ARROELO
COWORKING PONTEVEDRA

A REDEIRA

empark

## EMPRESAS CONVIDADAS:

EDISA

CASA GRANDE DE XANCEDA
ECOLÓGICO

HIFAS da TERRA®
MUSHROOM BIOSCIENCE

Roi Scroll DIGITAL BUSINESS

## ILUSTRACIÓN:

iriaprol
STUDIO

## FOTOGRAFÍA:

ALBA SOTELO
Photo & Video

PÁJAROS en mi CABEZA

## ORGANIZACIÓN PUNTAZO EXPRÉS:

NOVA
xestión cultural

## VÍDEO:

NOELQUEIPO.COM

## DESEÑA E COMUNICA:

o cable inglés
cooperativa cultural

## DESEÑO E MONTAXE STANDS:

GRUPO NORTE
GESTIÓN DE EVENTOS

## PROMOVE:

Universida de Vigo

CREA S2i
Social and Sustainable Innovation

## PATROCINADOR PRINCIPAL:

CONCELLO DE PONTEVEDRA

## DIRIXE E ORGANIZA:

Universida de Vigo

G4 PLUS
Desarrollo estratéxico: organizacións e territorios

Membro de:
ECOBAS
Economics and Business Administration for Society

## PATROCINADORES:

Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
Universida de Vigo

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Consello Social
Universidade de Vigo

XUNTA DE GALICIA

espazo coop
union de cooperativas galegas

eusumo
Cooperativismo e Economía Social

//Afundación
Obra Social ABANCA

//ABANCA

aje
Galicia
Jóvenes Empresarios

æmpe

Cámara
Pontevedra, Vigo y Vilagarcía de Arousa

ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

GADIS

FINSA
soluciones en madera

## MÁIS INFORMACIÓN:

info@pontupstore.com
prensa@pontupstore.com